XUNTA DE GALICIA

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA VAL DO ASMA (Chantada) 27003175

IES Val do Asma Lugo chantada

# O BENQUERER(SE)

## RECITAL POÉTICO MUSICADO PARA UNHA (ANTI)CELEBRACIÓN DO SAN VALENTÍN

Neste espectáculo as poetas Lucía Aldao e María Lado mesturan poemas, música e historias para facer visibles as desigualdades que as mulleres seguimos atopando na nosa vida pública e privada. Cun afiado sentido do humor, Aldaolado falan do patriarcado, do feminismo, da discriminación de xénero, do concepto do amor romántico, do amor a unha mesma e de todos aqueles temas cos que van tropezando no seu camiño. Para isto parten de experiencias propias que aparecen nas historias e poemas, pero tamén chaman por mulleres que marcaron a nosa historia -como Elisa e Marcela, por poñer só un exemplo-, e que van aparecendo entre os versos, nas cancións e nas pequenas homenaxes que conforman este espectáculo cheo reflexión, humor e amor. Porque ser muller é tamén aprender a quererse e querer ás outras e, se fai falta, rirse incluso dunha mesma e das nosas pantasmas. E Aldao e Lado pensan que o humor e a poesía son tamén ferramentas coas que mudar o mundo.

**Destinatarios/as:** alumnado de 1º e 2º ESO.

**Data:** xoves 16 de febreiro.

**Horario:** 12:35 a 14:15.

**Espazo:** Salón de Actos.

**Organiza:** IES Val do Asma.

**Mais info:** Departamento de Orientación.